

A cerna do segredo

Conchi Regueiro



BAÍA EDICIÓN S



Conchi Regueiro (Lugo, 1968)

Traballadora social, pedagoga, e ademais, e con grande le-
dicia, narradora vocacional. Apegada sobre todo á Ciencia-
Ficción, aínda que tamén catadora doutras temáticas pois
sobre todo está a querenza por contar historias.

Ten obra variada, tanto en galego como en castelán: bastan-
tes contos e algún que outro artigo en publicacións especia-
lizadas de literatura fantástica, e os libros: *Tempos agradables*
(Edicións do Cumio, 2002) –III Premio de Novela Mulleres
Progresistas–; *Un marciano neste mundo* (Baía Edicións, 2004)
–Finalista do I Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e
Xuvenil–; *La estirpe de Tordón* (A.C. Mundo Imaginario, 2005);
O tesouro das ánimas (Baía Edicións, 2006); *Vistas al río* (Ellas
Editorial, 2007); *La moderna Atenea* (Grupo AJEC, 2008) –Fi-
nalista á mellor novela nos Premios Ignotus 2009–; *A herdanza
do marqués* (Baía Edicións, 2009); *Reclutas de guerras invisibles*
(A. Alfa Eridiani, 2011) e *Historias del Crazy Bar y otros relatos de
lo imposible* (Stonewall, 2013) –coescrito con Lola Robles–.

*Para Tinito, o Regueiro máis novo.
Benvido aos universos de historias
e palabras.*

From: Rubén Maínzo
<rub_mai201@mailsdebalde.net
To: Xandra Negro
<x.negronegro@freemessenguer.com
Subject: ola
Date: Wed, 25 October ... 20:21:37

Ola, Xandra, que tal vai este primeiro mes de clases? Imaxino que como todos os anos, non? O “Marqués de Vilacardoso” non é un sitio de novidades, aínda que non é para nada peor que este IES n.º 3 (aquí nin espírito teñen para poñeren un nome decente a un simple instituto).

Miña tía deume un cuarto bastante chulo, e non é moi prosma coas entradas e saídas, agás ás horas das comidas, nas que teño que estar na mesa no minuto e segundo exacto co resto da familia. Non ten nada que ver coas ceas na miña casa, nas que cada un apaña o que pode e cando lle deixan. Polo lado negativo, estas rúas teñen moito tránsito e apenas poden adestrar coa bici. Meu curmán recomendoume o

equipo ciclista de afeccionados do barrio, pero non me chistan moito. Son sobre todo homes maiores que se poñen xerseis feísimos e van dar unhas voltas ao saíren do traballo. Penso que o máis novo me triplica a idade.

Os profesores da miña clase teñen moi boa sona e algúns dos meus novos compañeiros aseguráronme que, se levo as cousas ao día e estou atento, podo sacar o curso sen maiores problemas, aínda que aquí a xente me parece moi optimista. Dirás que o mesmo que alí, pero este sitio ten moitas máis posibilidades, tampouco estou tan lonxe da aldea (uns tres cuartos de hora coa lenta de miña nai) e, á fin e ao cabo, o ano que ven teríamos que baixar á vila, así que...

Os próximos días prometo chamarte, pero o corte é que se poñan teus pais ou calquera da túa familia. Arrepíame un pouco a súa voz tan seria, e ás veces sentíaste controlada por eles cando estabamos a falar, así que imaxino que isto dos correos electrónicos ou o chat de *milamizadas* é das mellores solucións de momento (aínda que isto último nin o tentarei porque, se aínda continúas a usar eses cacharros da biblioteca, coido que non teñen acceso a redes sociais).

Xandra, rula, non sigas enfadada comigo, por favor. Volvo xurarche polo que ti queiras que lis-quei de aí porque meus pais non me deixaron outra opción, que cando quixen decatarme xa estaba de camiño á casa de miña tía e con praza neste maldito instituto sen nome. De verdade que é o que pasou, non ten nada que ver co que me contaches, nin con que nos últimos tempos non estivésemos tantas veces xuntos. Xúroche que pola miña boca ninguén vai saber nunca o voso segredo. Meus pais simplemente consideraron adecuado que eu cambiase de aires e nin por un intre se lles ocorreu considerar a miña opinión sobre esa decisión tan tola. Eu sempre quixen seguir en Vilacardoso e, se ben as últimas semanas case non falamos, nunca tiven intención de afastarme de ti.

Prometo que regresarei contigo o antes posible, aínda que meus pais me obrigan a estar aquí todo o curso e só me deixan ir a casa acompañando os meus tíos nas visitas, pero xa o arranxarei eu para achegarme moito antes (o Nadal parece demasiado lonxe, e ti e mais eu debemos falar cara a cara).

Bicos e biquiños. Lembra que sempre estou a pensar en ti,

Rubén

Non puiden durmir en toda a noite, así que a voz de Liliana parece soar moi, moi lonxe. Conste que esta profesora é das mellores deste curso, pero hoxe comigo é imposible. O correo de Rubén foi máis eficaz que varios litros de café para manterme cos ollos abertos mentres no outro cuarto durmían despreocupados Lois e Tito.

Iso da escrita ten unhas fórmulas ben estrañas, alleas á cantidade e mesmo á calidade: estudei e analiceei eses seis parágrafos dunhas 500 e pico palabras cunha intensidade que non creo que aplique en todo o Bacharelato e aínda na propia carreira universitaria. O único claro de todo é que Rubén este ano non estará en Vilacardoso e que apenas poderemos comunicarnos, pois ben sei o pouco dado que é a escrita e, é certo, o moito que lle desacougaba a miña familia.

Nunca debín contarlle a verdade. Fun unha parva. Do mesmo xeito, sei con total seguridade que con el o noso segredo está a salvo, pero a costa de que se afastara varias ducias de quilómetros, seica para non ter que enfrontarse con esa realidade tan pouco verosímil.

Dáme igual o que me prometa e me asegure. Coñezo xa bastantes cousas del, e, por moito que liscara obrigado, temo que non exerceu o seu dereito a protestar coa necesaria enerxía ante unha inxustiza tan grande.

Como boto de menos unha amiga en días así! E falo sobre todo da súa presenza, desa posibilidade de ver en vivo e en directo o seu sorriso de apoio ou sentir a leve presión da súa man no ombro como xesto rápido e preciso de consolo. Esta tarde, se consigo ordenador na biblioteca, mandarei un correo a Zoila e seguramente teña algún dela na miña bandexa de entrada no que se amosará, coma sempre, coma a boa rapaza que é, pero o feito de sorrir ou chorar ante unha pantalla é un comportamento que segue a parecerme ridículo. Non se pode deixar tan facilmente a tradición tan analóxica e antidixital da que fai gala a familia Negro. Para ser completamente sincera, hoxe non é un día no que estea para aturar voluntariosas declaracións optimistas da marabillosa parella que formamos Rubén e mais eu ou similares. El non está en Vilacardoso e ante iso falla no máis básico a propia fórmula matemática do que é unha parella.

Porén, debo centrarme: estou decidida a ser a primeira universitaria da familia Negro, e tal proxecto non entende de ausencias nin males de amores. É máis, coido que se me dedico con intensidade aos meus estudos conseguirei esquecer durante algún que outro minuto o sorriso de Rubén.

O plan parece o adecuado, as clases pasaron á súa necesaria velocidade, e os deberes e a obrigada colaboración coas tarefas da casa e do galpón evitáronme quedar apampada en lembranzas inoportunas. Aínda así, non podo evitar decatarme dos acenos de preocupación dos maiores ante ese papel que eles chaman burofax, chegado esta mesma mañá e ao que tanto meus pais como o tío Antón volven unha e outra vez e que incluso lles leva a esquecer a rifa estrela destes días como é a teima de Lois por entrar como alumno na Escola Obradoiro “Marqués de Vilacardoso 2”, montada este mesmo verán. Algo moi importante debe ser cando nin aplaudiron o debuxo de Tito louvado por profesora e clase ao completo, e é que meu irmán pequeno apunta a artista da familia. O pobre neno só escoitou un insulso “que bonito” por toda festa de celebración. Tampouco tranquiliza moito que ás preguntas serenas e concisas de Lois sobre o particular contesten cun anoxado “parvadas para amolar” sen maiores explicacións, resposta bastante inxusta por canto o maior de nosoutros ten asumidas moitas novas responsabilidades nos derradeiros meses sobre a cría e venda dos coellos e merece, por tanto, información puntual sobre as novidades do negocio, se por casualidade a folla trata sobre ese particular. Imporíase que os irmáns maiores tentásemos coller ese maldito papel e lelo nun despiste dos adultos, pero este plan non parece fácil pois o tío Antón dobrouno e ago-

chouno no peto da súa camisa, alegando a necesidade de baixar a falar sobre el con don Luís o da xestoría máis tarde. Estou tentada de ofrecermes a acompañalo nesa visita para tratar de oír algunha cousa máis, pero con toda seguridade meu tío non me deixaría entrar nesas oficinas da Praza Maior e mandaríame a facer recados, co que o único que conseguiría sería traballo extra.

A familia Negro non é moi dada a usar as ceas como forma de reunión. Preferimos para tal fin os xantares, e a estas horas da noite conformámonos con tomar o primeiro que se atope pola cociña e logo deitarnos cedo. Por iso, que hoxe tanto tío Antón como Lois teimen con que esteamos os cinco maiores da familia reunidos arredor da mesa permite presaxiar novas importantes relativas á nosa casa.

—Está feito, serei alumno da Escola Obradoiro a partir de mañá —solta meu irmán maior, aínda antes de que nos acomodásemos nos nosos respectivos asentos. Parece entusiasmado, pero as reaccións por ese anuncio nos tres adultos son máis ben de fastío—. E lembrade que xa son maior de idade e podo decidir estas cousas pola miña conta. Xa non necesito o voso permiso —engade con prevención.

—Pero que testán es —funga papá aburrido—. Coa de cousas que hai aquí para facer e ti teimando con esas parvadas. Ademais —insiste—, non che dixemos un mi-

llón de veces que baixases á vila a estudar algo práctico de FP? —protesta—. Sempre será mellor un título oficial que eses cursiños do Concello que logo non serven para nada.

—Boh, papá. Eu non quero estudar, eu quero facer eses cursos. Son aquí mesmo, sen necesidade de ir todos os días á vila. Din que arranaxaremos os xardíns e o vello Caserón do Indiano para transformalo en Casa da Cultura e non haberá que chapar Inglés ou Matemáticas como nas clases de FP. Ademais, vanme dar todo o material e tamén me pagarán unha bolsa e logo un salario.

—Un salario? —pregunta mamá cun leve interese nesa parte.

—Si, e tamén asinarei un contrato. É xenial —entusiásmase Lois—. Ademais, seguro que aprenderei cousas que poden sernos útiles para o negocio. E só é polas mañás. Podo facer o traballo da casa polas tardes, que nesta tempada tampouco hai tanto, vós mesmos o dicides.

—Ti saberás o que fas —curta o asunto o tío Antón, o que me leva a sospeitar que algo moi importante lle dixeron abaixo para que liquide deste xeito o asunto que só un día antes parecía unha traxedia doméstica desde a súa perspectiva.

—Grazas, tío Antón —salta encantado Lois ante o que reconece como permiso definitivo.

—Temos que ceder os terreos do Sedán —solta a bomba por fin.

—Que? —preguntamos todos nunha soa voz.

—Non nos queda outra. Don Luís mirou e remirou e dixo que estamos obrigados a desfacer nos deles.

—Iso é inxusto, eses terreos pertécennos desde hai xeracións —protesta papá.

—Si, pero non se utilizan desde hai décadas e nas escrituras obrigan á nosa familia a pasalos a outros Corredores se os reclaman, como así é o caso. Máis ben, como din os papeis que don Luís leu «*á xente recoñecida nos estudos e últimas vontades do marqués de Vilacardoso*». E parece que esa xente conseguiu demostrar de xeito oficial que son tamén herdeiros do legado do marqués.

—Que? —volvemos berrar ao unísono. É toda unha sorpresa, tanto que teñamos que desfacer nos desas terras (terras que, por outra banda, tiñamos a monte e polas que nin nos molestabamos en pasar), como que haxa outra xente coma nós. Coido que durante uns segundos estamos todos demasiado asombrados como para preguntar o evidente, até que Lois enfía a cuestión:

—E quen son eses tipiños que veñen reclamar o noso?

—Non o sei exactamente —recoñece Antón—. A solicitude vén asinada como familia Cerna, pero non hai máis datos. Nuns días o seu avogado porase en contacto con don Luís e acordarase todo.

—Teñen un avogado? —pregunto eu, abraiada ante esa dispoñibilidade dun profesional das leis que a min me parece tan exótica.

—E dun dos mellores despachos do país, polo que me dixo don Luís.

—Son uns *pijos*, entón —apunta Lois, tentando soar gracioso, pero estamos todos aínda demasiado asombrados para rirle a graza.

—Segundo parece, esa familia quere facer casa nesas terreos e quedar a vivir en Vilacardoso definitivamente, e iso dálle o dereito a ocupar as terras, do mesmo xeito que nós ocupamos o resto. Por iso non nos queda outra que aceptar o que di a carta.

—Ai, meu Deus, e logo quererán máis? —pregunta de súpeto mamá.

—Acouga —tranquilízaa Antón—. Don Luís chamou a ese avogado precisamente para preguntarlle as intencións dos seus clientes.

—E? —encirra papá, molesto por ese atraso buscado no relatorio.

—E ese tipo asegúroulle que esa familia Cerna só precisa as terras do Sedán e máis nada. Que teñen os seus propios negocios e ocupacións e só precisan ese terreiro para faceren a casa familiar. Así que o mellor é que as collan e non remexer máis no asunto.

Parece que papá se vai opor á idea, pero seica o pensa mellor porque remata asentindo coa cabeza de

mala gana. Conclúen en que asinarán determinados documentos para a cesión e que procurarán esquecer o asunto o antes posible. Eu penso no ben que estaría ser capaz de esquecer ao menos por un par de noites o mail de Rubén e poder durmir con tranquilidade, pero seguramente iso non será posible. O peor de todo é que non tiña correos de Zoila e nin sequera disporei do consolo dos seus ánimos virtuais. Non me quedou outra que baleirar o meu corazón nun mail longuísimo que espero que ela conteste axiña. De verdade que necesito moitísimo unha amiga que me saiba tranquilizar.

From: Zoila Romil
<zoilapretty@freemessenger.com>
To: Xandra Negro
<x.negronegro@freemessenger.com>
Subject: Re: ola
Date: Sat, 28 October ... 11:11:52

Ola, Xandriña. Nin che pregunto como vai, só hai que ver o teu correo para facerse unha idea. Ti es das que non teñen problemas cando nas clases piden unha redacción, verdade? ☺. Hai que ver a morea de cousas que es capaz de escribir sen repetirte, e pensar que eu debo darlle máis de mil voltas se quero contar algo un pouco aquelado... Como que me dás envexa e todo. Aínda que tamén debo rifarte un pouco. Ti sabes o duro que é, acabada de levantar, ler unha cousa tan extensa e, aí, tan interesante? ☹ Coido que será mellor que o revise pola tarde e logo faga un correo complementario a este para poder tratar ben todo o que ti explicas.

Si que hai algo que vou dicir antes que nada: non sexas parva e non te preocupes polo de Rubén, de verdade. El segue a estar por ti, por moitos quilómetros que vos separen. Se non, por que ía escribir cousas como as que, segundo dis, escribiu? Se de verdade pasase de ti, limitaríase a non poñer mails, non cres? E, sobre todo, a non tentar desculparse de todas as formas e modos posibles. Parece bastante claro que seus pais decidiron poñelo lonxe de aí e non hai máis, non sexas para-noica.

Malas noticias, pola miña banda ☹: Coido que non poderemos achegarnos por aí até a ponte de decembro, e iso no mellor dos casos. Por unha desas casualidades da vida, mamá e Mati tiveron cadanseus ascensos e están máis que enleadas, así que a súa idea de reabriren a Casa Ervedelo antes de fin de ano non parece moi posible. É un llerio: se atenden eses novos postos, gañarán máis cartos para investilos no seu proxecto, pero dese xeito tamén quedan sen tempo para dedicaren á casa rural, tal e como era o seu soño. Hai que ver que complicada chega a ser a vida!

Ui, teño que ir a uns recados e aínda aquí en pixama de latrique. Prometo chamar durante a fin de semana. A ver se hai sorte e non contestan os

homes da túa familia, que me cortan un pouco.
E acouga, muller, xa verás como son eu a que ten
razón no de Rubén.

Bicos,

Zoila

A fin de semana resultou máis pracenteira do que esperaba. Zoila é rapaza de palabra e onte á tarde chamou, tal e como prometera no seu mail. Envexo o seu optimismo, aínda que ás veces me pregunto con bastante malicia como o mantería se non lle fose tan ben con Jonathan: eles si que son a parella perfecta, baixo o meu punto de vista. Son amigos de toda a vida, coñécense ben e non manteñen segredos insoportables, como entre Rubén e eu.

De todos os xeitos, mellor que abandone por unhas horas estas reflexións. Hoxe a miña clase parece especialmente inquieta, con grupiños comentando o que debe ser unha nova interesantísima que, seguramente, a min non me chamará nada a atención, pero parece que non me librarei de escoitala. Marga achégase coa súa cara de “a que non sabes a última?”, imposible de escapar.

—A que non sabes a última? —asáltame como temía—. Disque hoxe chega un novo alumno á clase.

—Pois mira que ben —fungo sen entusiasmo—. Calquera deses parvos da nova urbanización, imaxino —a

risiña de Marga indícame que errei de parte a parte, o que só consegue provocarme un maior aburrimento.

—Non –corrixe entre eses risiños tan enervantes–. Vén o fillo duns que estaban aloxados no hotel da vila (e din que colleron varios cuartos para estar máis cómodos) –engade nun murmurio abraiado.

—Pois mira que ben –repito, mentres busco un oco polo que fuxir, pero esta Marga non é das que soltan tan facilmente á súa presa–, que sexa benvido –engado, máis para pechar dunha vez a charla que porque de verdade sexa ese o meu desexo, pero a miña interlocutora parece lanzarse en tromba sobre esas verbas:

—He, he, he. Dáslle a benvida a un dos que quedou coas terras do Sedán. Como es –a miña mirada debe reclamar dun xeito tan intenso unha explicación que Marga axiña conxela os seus risos e pasa a explicarse–. Xa sabes que miña tía Xiana está na Secretaría. Onte contounos que a semana pasada chegou unha parella moi rara e moi elegante solicitando trocar a matrícula de seu fillo a este colexio.

—E que máis? –apuro eu, animada por primeira vez no asunto da conversa.

—Para asuntos de papelorios e todo iso déronlle o enderezo do hotel da vila, pero contáronlle tamén que a principios de mes collerán de aluguer o chalé número 5 da urbanización, mentres non estean rematadas as obras da casa no Sedán.

—Ten razón: é toda unha noticia. Quero sacarlle máis información, así sexa sacudíndoa como a un bote de spray, pero acaba de entrar Liliana e hai que sentar. Na porta quedou á espera alguén, e ela ánimo a pasar. Ao seu carón ponse entón un rapaz moreno e de faccións atractivas, aínda que eses ollos amendoados e ese pelo abundante, domado cun austero corte a cepillo, descubren sen dúbidas esa estirpe de corredores. Pero, ao contrario do que faría eu, el non tenta agochala. O seu ollar desafiante que nos varre a todos os da clase, incluso á profesora, chega a cohibir aos máis arroutados, por moito que simulen unha bravura da que nunca dispuxeron. Liliana invítalo a sentar nalgún pupitre libre, elección que este día só pode reducirse a un na fila central cara atrás e outro na esquina esquerda en primeira fila e el volve demostrar o seu carácter especial escollendo esa última opción. Senta diante de todos cuns movementos dunha velocidade xusta, nin rápidos nin lentos, que demostran unha serenidade ante o momento que a min me semella inalcanzable e, tras sacar da súa bandoleira de marca un caderno de tapa dura, dispónse a escribir. A nosa profesora dá con iso por rematada a súa presentación e inicia as clases do día sen outros protocolos. El parece sumarse sen maiores problemas a esa dinámica, e recolle con aplicación apuntamentos de todas as materias previas á hora de descanso, sen xirarse unha soa vez para espreitar os compañeiros

ou mesmo cambiar de postura para acomodarse mellor.

Por suposto, os dixomedíxomes agroman incontrables entre os diversos grupos, aínda antes de saír todos da aula, pero el non parece decatarse de todo ese interese e diríxese tranquilamente ao patio, onde senta cara a un sol outonal, tras poñerse uns cascos e conectar o que, segundo comentarios admirados, é un iPod último modelo.

—Ven, fálanos un —ordénalle de súpeto Arturo, mentres bota un balón de baloncesto. Varias compañeiras revólvense inquietas ante esa falsa invitación que en realidade ven agochar a novatada cruel dese túzaro—. Veña, vamos, ou é que non te atreves? —apúrao con malicia, pero ese novo compañeiro parece inmune a eses trucos baratos.

—A verdade é que non me apetece moito —contesta cun medio sorriso.

—Ou sexa que non te atreves —teima Arturo.

—Morra o conto, home. Díxoche que non quería e xa está —salto eu, aburrida unha vez máis do parvo que me toca como compañeiro de escola. Arturo lánzame un ollar de odio reconcentrado que se solidificase podería deixarme machucada como a un insecto, pero eu non baixo a cabeza. Debería ter a categoría de rapaz e non a do vulgar mamalón que é para conseguir de min esa reacción.

—Xogarei, entón –salta o noso novo compañeiro lanzándome unha mirada que non sei se clasificar na complicidade ou no desprezo máis frío. Deixa colocadas as súas cousas onde estaba sentado e quita o camiseiro para quedar nunha cinguida camiseta branca. Sen estar musculoso, os seus brazos amosan unhas liñas rotundas que deixan suspirando as máis lambidas que observan a escena–. Cando queirades –invita desde unha cortesía que apenas pode disimular o seu rexeitamento.

Por suposto, noutro sitio e con outros participantes, a proposta de completar un equipo nun partido de calquera deporte podería interpretarse como a ocasión perfecta para facer amizades ou mesmo a oportunidade do grupo para incorporar novos membros. A cousa cambia radicalmente se estamos a falar de Arturo e o seu grupo de lambecús. A súa invitación é en realidade a promesa das torturas por chegar, onde nada importan cousas tan obvias como os puntos ou as canastras. Forman dous equipos de tres para xogar nun só lado do campo e Arturo dispón que saltarán para o saque el mesmo e ese novo compañeiro, ao que este accede sen valorar que precisamente no equipo contrario está Berte, un dos rapaces máis altos do Colexio e aínda de Vilacardoso, polo que iso soa a trampa por todas as esquinas. Estou tentada de avisalo, pero calo no último intre, cando por fin se elevan no aire ao unísono en busca do balón que xa voa. Arturo desenténdese da bóla e tenta cargar na súa caída

contra o seu oponente, pero este intúe o seu movemento e esquivao nun quebro rapidísimo que provoca que Arturo pouse descompensado e case caia. O balón é colli-do por un do equipo dese mamalón e consegue os dous primeiros puntos, pero Arturo non valora ese adianto no marcador. As súas fazulas están dun vermello brillante como se ardesen, e mira con odio ao novo, como se fose el quen lle fixera unha trabadela.

Axiña queda claro que ambos non se gañarán a vida co baloncesto. As súas porcentaxes de acertos son nefastas, e non teñen a menor idea de estratexia ou mesmo de botar cun pouco de estilo a pelota, pero o partido xa non lles importa en absoluto. O novo comprendeu no acto do que ía todo aquilo e, en troques de fuxir, aceptou as normas ocultas dese xogo mantendo o seu medio sorriso entre o desprezo e a indiferenza. Arturo busca o corpo a corpo de todas as formas posibles, que-re derrubar ese rapaz mediante empuxóns, cambadelas e cantas manobras pode improvisar á velocidade que a súa presa marcou. Ese corredor móvese cunha axili-dade increíble case imposible de seguir por un público cada vez máis entregado que mesmo chega a aplaudir algunhas das súas fintas, o que alporiza cada vez máis a Arturo e, en consecuencia, faille errar un maior número de veces nas súas cargas.

Aos poucos minutos ningún atende xa a serie de canastras e rebotes que os outros catro están a facer.

Tiradas as máscaras, é xa unha pelexa sen golpes, propia da loita libre, na que, se houbese un cómputo de puntos, o novo estaría xa nunha clara vantaxe. Aguanta empuxóns e aprisionamentos sen desfalecer, como se quen estivese a facerlle as chaves só tivese a forza dun bebé. Pola contra, Arturo cada vez ten menos folgos e está claro que o outro está limitándose a esperar o seu debilitamento, no habitual estilo dos corredores e os nosos antiquísimos parentes os lobos. Ese desfalecemento acaba por producirse ao tempo que soa o tímbre de volta ás clases. Ao campión dos mamalóns do CPI *Marqués de Vilacardoso* apenas lle resta empuxe, o que rapidamente é aproveitado polo novo quen, cuns movementos increíblemente rápidos, consegue acantoalo contra a barra que suxeita o taboleiro. Algúns da recua de ofendidos por Arturo berran “bravo” e aplauden, entón. Incluso eu chego a rosmar un “sí” de asentimento, satisfeita de que por esta vez non se consumase o abuso sobre o inocente, pero as nosas loas conxélanse de inmediato ao comprobar que ese vencedor non se dá por sabedor da fin do pseudocombate e continua inmovilizando ao seu contrincante co antebrazo firmemente trabado no seu colo. Arturo revólvese sen forzas, incapaz de articular palabra e aínda desde lonxe parece que a súa cara está collendo unha angustiada cor morada.

—Que andades a facer? Á clase dunha vez —berra desde a súa fiestra o xefe de estudos, seica estrañado do

grupo que aínda queda no patio. O novo obedece no acto e afástase nun salto. Arturo cae de xeonllos, tentando recuperar o seu ritmo de respiración, e rexeita dun golpe a man que o vencedor lle ofrece para axudalo a erguer. Ese rapaz é miserable e vingativo, seino porque levo varios anos compartindo clases con el, pero no seu ollar adiviño un temor profundo que en todo este tempo non se lle albiscara nin unha soa vez. Parecido temor debemos ter parte do público espectador porque facemos ao novo un amplo corredor para que regrese ás aulas. El percórreo tranquilo, con ese paso tan repousado que debe ser o maior exemplo de sangue frío. Ao pasar ao meu carón, detense e mírame aos ollos.

—Ola —saúdame esbozando un sorriso—. Son Abel. Grazas por botarme unha man antes.

—Non fixen tal —protesto eu cun maldito tartamudeo que non consigo dominar.

—Claro que si. Nótase que es do meu caste —asegura aínda desde ese sorriso tan inquietante—. Vémonos —despídese entrando no edificio. As demais rapazas ríense como parvas e danse co cóbado mirándome e chiscándome o ollo. Prefiro non gastar nin un miligrama de cuspe en rebater todas esas idioteces, pero non podo evitar seguir a ese Abel coa mirada até que desaparece dentro.

